

## **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada **María Antón Vilasánchez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión**, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, **10/PNC-001499 (18461)**, sobre o asinamento polo Goberno galego de convenios de colaboración co Concello de Ponteceso e coa Fundación **Eduardo Pondal** para a conmemoración do centenario do falecemento dese intelectual, escritor e poeta, así como a difusión da súa figura e obra.

### **Emenda de substitución**

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que con motivo do cumprimento do centenario do falecemento do escritor Eduardo Pondal lle dea continuidade ás iniciativas de difusión e conmemoración da figura e da obra do intelectual, escritor e poeta pontequesán, a través da colaboración con distintas institucións e entidades culturais e, principalmente, coas fundacións de escritores/as do Rexurdimento para contribuír a impulsar unha programación de actividades continuadas e diversas que poñan en valor o seu legado social”.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 15/11/2017 17:30:16**

**Maria Antón Vilasánchez na data 15/11/2017 17:30:26**